



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CORRESPONDENTE O DÍA 28 DE SETEMBRO DE 2011.-

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día vinteito de setembro de dous mil once; a unha e media do mediodía xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente accidental, Don José Prieto Pérez.- Concelleiros: Don José Ignacio Gómez Pérez e Don Javier Iglesias Sendín. Non asiste Don Marcos Blanco Jorge.

Está presente o Secretario-Interventor do Concello, Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado 19 de setembro do dous mil once.

2.- OBRAS MAIORES.-

Non houbo.-

3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIDADÁNS.-

INFORMACIÓN URBANÍSTICA.-

1.- “Solicitud de información urbanística interesada por **Dona Lucila Fernández Márquez**, con domicilio na rúa Muñoz Calero nº 14, con número de rexistro de entrada 2734. A proposta da Concelleira Delegada de urbanismo Dona Noelia Rodríguez Travieso, e visto o correspondente informe técnico de data 27.09.11.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus asistentes aprobou a información urbanística que se contén naquel, sobre o lugar sito na Rúa Transversal Muñoz Calero-Veronza, a solicitude de **Dona Lucila Fernández Márquez**, de xeito que se entregará ó solicitante copia selada e cotexada do devandito informe para coñecemento e efectos.”

2.- “Solicitud de información urbanística interesada por **Don Antonio Gonzalez Castiñeiras**, con domicilio na rúa Virxen do Portal nº 3, con número de rexistro de entrada 4382. A proposta da Concelleira Delegada de urbanismo Dona Noelia Rodríguez Travieso, e visto o correspondente informe técnico de data 28.09.11.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus asistentes aprobou a información urbanística que se contén naquel, sobre o lugar en Francelos (Ref. Catastral núm.



Ilmo. Concello
de
Ribadavia

9913928NG6891S0001IS), a solicitude de **Don Antonio González Castiñeiras**, de xeito que se entregará ó solicitante copia selada e cotexada do devandito informe para coñecemento e efectos.”

3.- “Solicitude de información urbanística interesada por **Don Antonio Gonzalez Castiñeiras**, con domicilio na rúa Virxen do Portal nº 3, con número de rexistro de entrada 4382. A proposta da Concelleira Delegada de urbanismo Dona Noelia Roddriguez Travieso, e visto o correspondente informe técnico de data 28.09.11.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus asistentes aprobou a información urbanística que se contén naquel, sobre o lugar en Francelos (Ref. Catastral núm. 9613218NG6891S0001PS), a solicitude de **Don Antonio González Castiñeiras**, de xeito que se entregará ó solicitante copia selada e cotexada do devandito informe para coñecemento e efectos.”

ACOMETIDAS DE AUGA.-

1-“Visto o escrito presentado por **Inversiones Oicon S.L.** con domicilio na estrada de San Sebastian Km 9, Añecar (Navarra), no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para a nava sita no Poligono Industrial de San Cristovo, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda conceder o dereito de acometida para o uso industrial, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo; o interesado fará aboamento no Concello da cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, sen o cal requisito esta licenza ficará nula e sen efecto, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a) Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo”.

4.- ESCRITOS OFICIAIS.-

A Xunta de Goberno Local toma coñecemento dos seguintes:

- Aqualia, escrito de data 27.09.2011, comunicando resultados analíticos do abastecemento e depuración do periodo Abril-Setembro 2011 e Edar de Francelos Xaneiro-Marzo 2011.
- Aqualia, escrito de data 28.09.2011, comunicando informe estado nivel captación río Maquiáns.

5.- CUESTIONS ECONÓMICAS E ASUNTOS VARIOS.-

NOMEAMENTO DE AVOGADO E PROCURADOR.-

Vista a Resolución da Dirección Xeral de Orzamentos de data 22.08.2011, relativa a retención de fondos do Fondo de Cooperación Local (F.C.L.) por débedas coa Mancomunidade dos Concellos do Ribeiro, por unanimidade dos presentes, a Xunta de Goberno Local, acorda:

- 1º.- Interpoñer recurso contencioso-administrativo contra o citado acordo.



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

2º.-Encomendar a defensa e representación deste Concello o letrado don Angel Pazos Huete e a Procuradora dona Begoña Pérez Vázquez.

3º.- Facultar a Alcaldía para a realización de todos os trámites necesarios.

**6.- ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN
REGULAMENTARIAMENTE.-**

Non houbo.-

E sendo as dúas do mediodía, o Sr. Alcalde accidental, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.